


## Orixe , evolución e significado do Fútbol: "O FÚTBOL É ASÍ..."



### **A invención do Fútbol remóntase ao orixe da humanidade.**

A especie dos homínidos bípedos "Peloeneito con Pito" atopou un xeito moi gratificante de empregar o seu tempo de lecer e de obter recoñecemento social. O xogo consistía en correr detrás dun balón once contra once, facéndoo avanzar cos pes, e non coas mans o que suporía dor de costas ao ter que agacharse. Sabendo que non hai rival fácil, e que ata que o arbitro pite o final todo pode pasar.

A magnitude intelectual dos practicantes e dirixentes fixo que a evolución destas prácticas rituais combativas apenas cambiaran ao longo das distintas etapas históricas.

Xogan dous equipos e perde un, o resultado excita o ímpeto na grada ou xera apatía e desgana. As boas xogadas dos contrarios causan a indignación e a violencia dos seguidores rivais. Os seguidores dos que gañan saen eufóricos e os dos que perden co corazón partido. Se o partido é moi importante tamén sae na TV e convértese nun motivo de exaltación patriótico; de propaganda de benestar social e prestixio da tribo.

**O único que evolucionou no Fútbol dende eses tempos prehistóricos foi o balón e as zapatillas...** E o maior cambio significativo é que agora os xogadores son profesionais; cobran moito por xogar e polo tanto xa non gozan xogando. Deixou de ser un xogo para ser un serio e sobredimensionado fenómeno comercial e social, ou poder fáctico. Levouse o fútbol a un grado tal de paixón, que na práctica gozan máis os que "xogan" sentados vendo gañar ao seu equipo, que xogando de verdade ao fútbol.

**O fora de xogo é o máximo misterio profundo do fútbol din eles. As mulleres xa desciframos este concepto; é o que gritan os seguidores dun equipo cando o equipo contrario mete un gol. As mulleres seguimos estando "fora deste xogo"...**

**O TORNEO INTERCENTROS DE FÚTBOL É UNHA FESTA DE DEPORTISTAS: XOGADORES, organizadores, pais, profesores e “afeccións”...**

**Aínda que esteamos falando de Fútbol e esteamos afectados de “Zalaetitis”...**

A nosa afección sabe respectar a todos os contrarios , e valorar nun partido as boas xogadas de ambos equipos.

O noso equipo xa demostrou que sabe gañar e sabe perder. E independentemente do resultado das semifinais: **OS NOSOS XOGADORES FORMAN TODO UN EQUIPAZO DIGNOS MERECEDORES DOS NOSOS APLAUSOS !!**

**NON TE QUEDES “FORA DE XOGO”  
XOVES 13 DE MAIO  
3,30 NOS CAMPOS DA TORRE  
IMOS ANIMAR AO NOSO EQUIPO  
EDUCANDO XOGAMOS TOD@S!!**